



CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio de a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGAS. de Modificación da Ordenanza reguladora do servizo municipal de abastecemento de augas, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

«PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGAS. Modificación da Ordenanza reguladora do servizo municipal de abastecemento de augas, coa redacción que a seguir se recolle:

«REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGAS.

INDICE

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto.

Artigo 2.- Definicións

Artigo 3.- Titularidade do servizo.

Artigo 4.- Carácter e ámbito do servizo.

CAPÍTULO II ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Artigo 5.- Forma de xestión do servizo.

Artigo 6.- Dirección do servizo.

Artigo 7.- Subministrador do servizo

Artigo 8.- Dereitos do subministrador

Artigo 9.- Obrigas da entidade subministradora.

CAPÍTULO III ABONADOS

Artigo 10.- -usuario ou abonado do servizo.

Artigo 11.- Dereitos os usuario ou abonado do servizo

Artigo 12.- Obrigas do usuario ou abonado do servizo.

CAPÍTULO IV USOS DA AUGA

Artigo 13.- Usos da auga

Artigo 14.- Prioridades dos usos.

Artigo 15.- Suspensións temporais.

Artigo 16.- Restricións no subministro.

CAPÍTULO V. PLANIFICACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS

Artigo 17.- información de proxectos de desenvolvemento urbanístico

Artigo 18.- Execución das novas infraestruturas e conexión coa rede xeral

Artigo 19- construción de novos edificios.

Artigo 20- subministro provisional de auga para obras. E subministros especiais

Artigo 21.- Ampliacións da rede xeral

Artigo 22.- Actuacións fora do area de cobertura.

CAPÍTULO VI.- INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Artigo 23.- Acometida.

Artigo 24.- Titularidade e características das instalacións interiores de subministro de auga.

Artigo 25.- Acometidas existentes.

Artigo 26.- Orzamento, instalación e conservación das acometidas.

Artigo 27.- Pago do importe da instalación e instalación de acometidas polo interesado.

Artigo 28.- Vixilancia das acometidas.

Artigo 29.- Terreos en réxime comunitario.

Artigo 30.- Obrigatoriedade de acometida en novas pavimentacións.

Artigo 31.- Anulación de acometidas

CAPÍTULO VII.- INSTALACIÓNS INTERIORES

Artigo 32.- Condicións xerais.

Artigo 33.- Facultade de inspección.

Artigo 34.- Instalacións interiores inseguras.

Artigo 35.- Modificación das instalacións interiores.

Artigo 36- Protección contra incendios.

CAPÍTULO VIII.- EQUIPOS DE MEDIDA

Artigo 37.- Obrigatoriedade de uso de contador.

Artigo 38.- Características técnicas dos aparellos de medida

Artigo 39.- Situación dos contadores.

Artigo 40.- Adquisición do contador.

Artigo 41.- Verificación e precintado.

Artigo 42.- Solicitud de verificación.

Artigo 43.- Colocación e retirada de contadores.

Artigo 44.- Cambio de situación

Artigo 45.- Manipulación do contador.

Artigo 46.- Substitución de contadores.

CAPÍTULO IX.- CONTRATOS E PÓLIZAS DE ABOAMENTO

Artigo 47.- Requisitos para a subministración. - causas de denegación do subministro de auga.

Artigo 48.- Taxas ou dereitos de alta- contratación do subministro.

Artigo 49.- Fianzas

Artigo 50.- Obxecto da concesión.

Artigo 51.- Solicitud de subministro.

Artigo 52.- Tramitación das solicitudes de contratación

Artigo 53.- Contrato de subministro

Artigo 54.- Obxecto e alcance do contrato.

Artigo 55.- Duración do contrato.

Artigo 56.- Titularidade do contrato e o seu cambio.

Artigo 57.- Modificacións nas pólizas

Artigo 58.- Subrogación.

Artigo 59.- Cambios de titularidade e baixa no servizo.

Artigo 60.- Suspensión do subministro.

Artigo 61.- Procedemento de suspensión.

Artigo 62.- Extinción do contrato ou do subministro.

CAPÍTULO X.- LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓNS

Artigo 63.- Lectura de contadores.

Artigo 64.- Determinación dos consumos facturábeis.

Artigo 65.- Obxecto e periodicidade da facturación.

Artigo. 66.- Recibos.

Artigo 67.- Forma de pagamento dos recibos.

Artigo 68.- Corrección de erros na facturación.

Artigo 69.- Via de constrinximento.

Artigo 70.- Reclamacións.

Artigo 71.- Consumos públicos.

CAPÍTULO XI.- FRAUDES E LIQUIDACIÓN DA FRAUDE

Artigo. 72.- Inspección da utilización do servizo.

Artigo. 73.- Actuación por anomalía.

Artigo. 74.- Dos supostos de fraude

Artigo.75.- Liquidación da fraude.

CAPÍTULO XII. - DO RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Artigo 76.- Definición e principios.

Artigo 77.- Potestade sancionadora.

Artigo 78.- Responsables.

Artigo 79.- Infraccións.

Artigo 80. Infraccións leves.

Artigo 81.- Infraccións graves.

Artigo 82.- Infraccións moi graves.

Artigo 83.- Sancións

Artigo 84.- Gradación das sancións.

Artigo 85.- Concorrenza de sancións.

Artigo 86.- Reparación do dano.

Artigo 87.- Compatibilidade das sancións con outras medidas.

CAPÍTULO XIII. - COMPETENCIA E RECURSOS

Artigo 88.- Competencia.

Artigo 89.- Recursos administrativos

Artigo 90.- Recurso contencioso-administrativo.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA.

SEGUNDA.

TERCEIRA.

CUARTA.

QUINTA.

ANEXO I**NORMAS TÉCNICAS DE ABASTECIMIENTO**

1.- DEFINICIÓNS.

2.- REDES XERAIS E ELEMENTOS DESTAS.

2.1.- Definicións de todos os elementos.

2.2.- Características técnicas dos materiais.

2.3.- Características da instalación.

3.- ACOMETIDAS E INSTALACIÓNS INTERIORES DE SUBMINISTRO DE AUGA.

3.1.- Condicións particulares das conducións de consumo humano

3.2.- Materiais de acometida.

3.3.- Condicións técnicas dos contadores

3.4.- Baterías de contadores divisionarios.

3.5.- Acometidas para protección contra incendios.

3.6.- Grupos de presión e depósitos reguladores interiores.

ANEXO II**LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE****REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AUGAS.****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

I.- Por Acordo do Pleno de data vinte e nove de xaneiro de 1982, aprobouse a Ordenanza municipal reguladora do servizo municipal de abastecemento de augas, xa que se consideraba necesaria a súa aprobación para que completase o disposto nas Leis e Regulamentos vixentes.

Dende a súa aprobación, tanto a lexislación que lle é aplicable ós dereitos e deberes que rexen as relacións entre os cidadáns e a administración como as normas técnicas que se deben aplicar nas instalacións do servizo municipal de abastecemento de auga potábel, Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Real Decreto 140/2003, polo que se establecen os criterios sanitarios a calidade da auga de consumo humano, Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo polo que se aproba o Código Técnico de Edificación, Orde VIV/1744/2008, do 9 de xuño, pola que se regula o Rexistro Xeral do Código Técnico da Edificación, Orde ITC/279/2008, do 31 de xaneiro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado dos contadores de auga fría, tipos A e B, Real Decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014 de Metroloxía, obriga a modificar a primixenia ordenanza reguladora do servizo para a adecuala á lexislación e normativa actualmente vixente.

Asemade, o Regulamento do servizo municipal de abastecemento de augas aprobado en xaneiro de 1982, recolle as tarifas do servizo; tarifas que no ano 1997, coa aprobación da Ordenanza fiscal número 11 reguladora dos prezos públicos do servizo municipal do abastecemento de augas foron modificadas, colidindo coas dispostas no Regulamento da prestación, o que non favorece o principio de seguridade xurídica que debe rexer nas normativas das administracións públicas

Trátase pois de que o Regulamento do servizo recolla as normas de funcionamento do mesmo cunha maior precisión nos dereitos e deberes, tanto da administración prestadora do servizo de abastecemento como dos usuarios do mesmo, recoller os novos xeitos de relacións electrónicas coa administración e, deixar para a Ordenanza Fiscal as tarifas, dando seguridade xurídica a ámbalas dúas normas.

II.- O regulamento estruturase en XIII Capítulos, 90 artigos, Cinco Disposicións Finais, Un Anexo I Técnico, e un Anexo II de carácter informativo, que recolle a lexislación e normativa técnica aplicable ó servizo de abastecemento de auga.

III.- O **Capítulo I as disposicións xerais**, obxecto do regulamento, definicións, titularidade, carácter e ámbito do servizo.

IV.- O **Capítulo II desenvolve a organización do servizo**, Forma de xestión do servizo, Dirección do servizo. Subministrador do servizo, Dereitos do subministrador e Obrigas da entidade subministradora.

V.- O **Capítulo III relativo ós abonados**, define o concepto de usuario ou abonado do servizo, os seus dereitos como usuarios do servizo e a obrigas que lles corresponden.

VI.- O **Capítulo IV, Usos da auga**, que determina os Usos da auga permitidos, as Prioridades dos usos, as .Suspensións temporais e Restricións no subministro.

VII.- O Capítulo V. Planificación das infraestruturas, adicase a definir o concepto de proxectos de desenvolvemento urbanístico, a actuación que lles corresponde ós promotores e a administración. Determinase como vinculante o informe do Concello sobre as características técnicas das infraestruturas. Os procedementos de entrega das redes privadas veciñais existentes, a execución das novas infraestruturas e conexión coa rede xeral, construción de novos edificios e subministro provisional de auga para obras e subministros especiais. Regúlanse as ampliacións da rede xeral e actuacións fora do area de cobertura.

VIII.- O Capítulo VI.- Instalacións de abastecemento de auga, define e describe tecnicamente as acometidas, titularidade e características das instalacións interiores de subministro de auga. Acometidas existentes e adaptación a este regulamento, regula o procedemento para determinación do orzamento, instalación e conservación das acometidas, pago do importe da instalación e instalación de acometidas polo interesado. Responsabilidade na Vixilancia das acometidas. Terreos en réxime comunitario. Obrigatoriedade de acometida en novas pavimentacións. Anulación de acometidas.

IX.- O Capítulo VII.- Instalacións interiores. Regulanse as obras de instalacións interiores para o subministro de auga, as facultades de inspección que lle corresponde a entidade subministradora. As actuacións e requisitos no caso de Instalacións interiores inseguras, modificación das instalacións interiores e As instalacións contra incendios no interior de edificacións.

X.- O Capítulo VIII.- Equipos de medida. Establece a regulación da obrigatoriedade de uso de contador, as características técnicas dos aparellos de medida, situación dos contadores. Adquisición do contador; da verificación e precintado. Da tramitación da solicitude de verificación. Colocación e retirada de contadores. Cambio de situación Manipulación do contador. Substitución de contadores.

XI.- O Capítulo IX.- Contratos e pólizas de aboamento. Establece os requisitos para a subministración. - causas de denegación do subministro de auga. Taxas ou dereitos de alta- contratación do subministro. Fianzas. Obxecto da concesión. Da solicitude de tramitación das solicitudes de contratación. Do contrato de subministro, obxecto e alcance do contrato, duración do contrato. Titularidade do contrato e o seu cambio. Modificacións nas pólizas. Subrogación. Cambios de titularidade e baixa no servizo. Suspensión do subministro. Procedemento de suspensión e extinción do contrato ou do subministro.

XII.- O Capítulo X.- Lecturas, consumos e facturacións. Regula a facturación dos caudais consumidos polo abonado, determinación dos consumos facturábeis. Obxecto e periodicidade da facturación. Expeidición dos recibos e forma de pagamento dos recibos. Corrección de erros na facturación. Via de constrinximento. Procedemento das reclamacións. Consumos públicos.

XIII.- O Capítulo XI.- Fraudes e liquidación da fraude Regula o procedemento de Inspección da utilización do servizo e as Actuacións por anomalía. Establece os supostos e liquidación da fraude.

XIV.- O Capítulo XII. - Do réxime de infraccións e sancións. Neste capítulo defínense as distintas clases de infraccións, potestade sancionadora e principios que rexen, responsables e gradacións das sancións, concorrencia de sancións. Reparación do dano e compatibilidade das sancións con outras medidas.

XV.- O Capítulo XIII. - Competencia e recursos. Determinase a competencia no coñecemento e resolución das cuestións administrativas que poidan suscitarse con ocasión da aplicación do presente Regulamento. Recursos administrativos e recurso contencioso-administrativo.

XVI.- As Disposicións Finais regulan a entrada en vixencia do regulamento, as obrigas dos abonados a partires da entrada en vigor, derogación de normas anteriores e competencia para modificación do Anexo Técnico.

XVII.- Anexos Anexo I Técnico, no que se estebelecen e determinan os requisitos técnicos das instalacións que conforman a rede de abastecemento de auga.

Anexo II Lexislación e normativa, que ten obxecto informar da lexislación e normas que sustentan tanto o Regulamento como o Anexo I.

CAPÍTULO I.

DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo. 1º.- OBXECTO.

1. Sendo o abastecemento de auga potable, a teor do establecido no Artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, unha actividade de prestación obrigatoria para os Entes Locais no seu respectivo ámbito territorial e configurada como servizo público, o Concello de Bóveda, en uso das súas facultades de autoorganización que lle confiren os arts. 1 e 4.1 a) da Lei 7/1985, 55 do Real Decreto-Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local e artigo 33 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais do 17 de Xuño de 1996, decide promulgar a presente ordenanza, con forma de regulamento municipal, cuxo obxecto é determinar as condicións xerais de prestación, no ámbito xeográfico do municipio de Bóveda, do servizo de abastecimentote auga potable, así como regular as relacións entre os abonados e o Concello.

2. Consecuentemente co anterior, no ámbito xeográfico do municipio de Bóveda, a actividade de abastecemento de auga potable prestarase sen outras limitacións que o cumprimento das condicións que sinale o presente

Regulamento, así como aquelas outras que establezan as leis e demais disposicións reguladoras do Réxime Local e aquelas outras normativas sectoriais, estatais ou autonómicas, que sexan de aplicación en función da materia.

Artigo 2º.- DEFINICIÓNS

Usuario: Toda persoa física que teña dispoñibilidade e acceso ao servizo de abastecemento de auga para o consumo humano.

Abonado/Cliente: A persoa física ou xurídica titular dun contrato de subministración de auga para o consumo humano para un inmovible, xa sexa vivenda, local, industria, ou gandeiría, na que acredite o seu dereito de uso, e recibe, no seu domicilio ou noutro lugar fixado de común acordo, a subministración contratada.

O abonado debe ser o propietario ou titular de dereito real de goce limitativo do dominio, ou o titular do dereito de uso do predio, local ou industria.

O titular do contrato o será, tamén, dos dereitos e obrigas derivados do mesmo, con independencia do número de usuarios.

Defraudador: Toda persoa física ou xurídica que sen ter ningún dereito como usuario ou como abonado, fai uso da auga, ben tomándoa de puntos de libre acceso, como hidrantes ou bocas de rega, ou ben mediante acometidas ilegais á rede ou armario de contadores.

Consumo estimado: É o consumo asignado a un período no que non se puido efectuar a lectura, xa sexa por ausencia do abonado cando é necesaria a súa presenza, ou ben cando existe unha imposibilidade técnica na apertura do armario, etc., causas que se consideran emendables en futuros períodos de lectura.

Consumo avaliado: É o consumo asignado a un período no que non se puido efectuar a lectura debido a unha anomalía no contador, non emendable. Este consumo facturado considerarase consumo en firme.

Entidade Xestora, ou entidade subministradora-distribuidora de auga a aquelas persoas, naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, que dediquen a súa actividade á distribución domiciliar da auga de Bóveda.

Abastecemento: conxunto de instalacións para a captación de auga, condución, tratamento de potabilización da mesma, almacenamento, transporte e distribución da auga de consumo humano ata as acometidas dos consumidores, coa dotación e calidade previstas nesta disposición

Condución: Calquera canalización que leva a auga desde a captación ata a ETAP ou, na súa falta, ao depósito de cabeceira

Estación de tratamento de auga potable (ETAP): Conxunto de estruturas nas que se trata a auga de maneira que se volva apta para o consumo humano.

Depósito: Receptáculo ou alxibe cuxa finalidade é almacenar auga de consumo humano situado na cabeceira ou en tramos intermedios da rede de distribución

Rede de distribución: Conxunto de instalacións para transportar auga potable desde os diferentes depósitos reguladores (cabeceira, intermedio ou cola) e distribúea ata facer chegar a subministración ás vivendas dos habitantes dunha vila, aldea ou área rural.

Área de cobertura do servizo: Zona xeográfica na que é factible desde o punto de vista técnico e viable desde o punto de vista económico fornecer os caudais requiridos coas infraestruturas de distribución dispoñibles.

Acometidas: Son as que partindo da derivación da tubaxe xeral fornecen ao abonado.

Instalación interior: O conxunto de tubaxes, depósitos, conexións e aparellos instalados tras a acometida e a chave de paso correspondente que enlaza coa rede de distribución.

Ascendentes (ou montantes): Tubaxes verticais que enlazan o distribuidor principal coas instalacións interiores particulares ou derivacións colectivas.

Contadores divisionarios: Aparellos que miden os consumos particulares de cada abonado e o de cada servizo que así o requira no edificio. En xeral instalanse sobre as baterías.

Contador xeral: Aparello que mide a totalidade dos consumos producidos no edificio.

Depósito de acumulación: Depósito que servirá basicamente, nos grupos de presión, para a succión de auga polas electrobombas correspondentes sen facelo directamente desde a rede exterior; de reserva cando a subministración habitual sexa discontinuo ou insuficiente

Chave de paso: Chave colocada no tubo de alimentación que poida cortarse o paso da auga cara ao resto da instalación interior.

Chave de rexistro: Chave colocada ao final da acometida para que poida pechase o paso da auga cara á instalación interior.

Filtro da instalación xeral: O filtro da instalación xeral debe reter os residuos da auga que poidan dar lugar a corrosións nas canalizacións metálicas.

Artigo 3º.- TITULARIDADE DO SERVIZO.

De acordo co que especifican e preceptúan os artigos 25.2 l) e 86.3 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, de Bases de Réxime Local, o Concello de Bóveda é o titular do servizo público de abastecemento de augas no seu ámbito municipal independentemente da forma e modo de xestión.

Artigo 4º.- CARÁCTER E ÁMBITO DO SERVIZO.

1- O servizo de abastecemento de augas é de carácter público de recepción obrigatoria na área de cobertura do servizo.

Terán dereito a utilizalo, mediante o correspondente contrato para o servizo de subministración de auga potable, as persoas físicas ou xurídicas que o soliciten, sen outras limitacións que as condicións e obrigacións que se sinalan neste Regulamento e nas disposicións legais vixentes.

2- O Concello virá obrigado, mediante calquera das modalidades de xestión previstas legalmente, a garantir a prestación dos servizos obxecto deste Regulamento a todos os veciños no ámbito da área de cobertura de conformidade co disposto no presente Regulamento, a Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas por prestación do servizo público de distribución de auga e na normativa de ordenación urbanística vixente.

3- Baixo ningún concepto existirán subministracións de auga gratuítos nin contratos por convenios especiais que estipulen prezos inferiores ás tarifas legalmente vixentes que non estean previamente autorizados polo Concello.

4- Os terreos, depósitos, tubaxes e outras construcións ou bens adscritos á prestación deste servizo teñen a consideración de bens de dominio público municipal.

5- Non se concederán licenzas para edificar dentro da área de cobertura do servizo se nos correspondentes proxectos de obra que se sometan á Administración Municipal non consta a instalación ou conexión coa rede xeral de subministro de auga e rede de sumidoiros, coas garantías necesarias.

6. A xestión e operatividade do servizo será realizada polo Servizo Municipal de Augas do concello de Bóveda, podendo realizar a contratación externa de certos servizos secundarios que, en todo caso, estarán baixo a responsabilidade directa do concello.

CAPITULO II**ORGANIZACIÓN DO SERVIZO****Artigo 5º.- FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO.**

O Concello xestiona directamente o servizo público de abastecemento de augas, de conformidade co establecido na normativa vixente sobre prestación de servizos públicos locais.

Artigo 6º.-DIRECCIÓN DO SERVIZO.

A dirección superior do servizo é competencia do Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

Artigo 7º.- SUBMINISTRADOR DO SERVIZO

Para os efectos deste Regulamento, será subministrador o concello de Bóveda.

O subministrador do servizo asumirá os dereitos e obrigacións establecidos neste Regulamento e máis concretamente os enumerados nos seguintes dous artigos:

Artigo 8º.- DEREITOS DO SUBMINISTRADOR

1. Sen prexuízo daqueles outros dereitos que en relación con situacións específicas poidan derivarse para a Entidade Subministradora, e dos que lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do Servizo Público, a Entidade Subministradora terá, con carácter xeral, os seguintes dereitos:

a) Inspección de instalacións interiores.

Á Entidade Subministradora, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lle confira ós distintos Órganos da Administración, asístelle o dereito a inspeccionar, revisar, intervir e verificar cantas veces sexa mester, sexa de oficio ou a instancia de parte, os contadores de auga e as instalacións interiores do subministro que, por calquera causa, se atopen ou poidan atoparse en servizo ou uso, coas limitacións que se establecen neste Regulamento.

b) Cobramentos por facturación.

Á Entidade Subministradora asístelle o dereito a percibir o importe das facturacións ou cargos que, regulamentariamente, lle formule ó abonado polas prestacións que se teñan realizado pola Entidade subministradora ou, no seu caso, teñan sido utilizadas.

c) Suspender a subministración e, no seu caso, dar de baixa as pólizas de abono nos casos en que proceda conforme o preceptuado neste Regulamento. (art. 59-61)

Artigo 9º.- OBRIGAS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA.

O concello vén obrigado cos recursos legais ao seu alcance a planificar, proxectar, executar, conservar e explotar as obras e instalacións xerais de titularidade municipal que conforman a infraestrutura do Servizo, necesarias para captar, recoller, tratar, regular, conducir, almacenar, distribuír e situar nos puntos de toma dos abonados a auga potable, sempre conforme as condicións que fixa este Regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

Consecuentemente co anterior son obrigas da entidade subministradora, sen prexuízo das que se especifiquen noutros apartados deste Regulamento, as seguintes:

1. Obriga do Subministro.

Dentro do termo municipal e na área de cobertura do servizo, cos recursos ao seu alcance, está obrigada a conceder o subministro de auga a quen o solicite, nos termos recollidos neste Regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

2. Calidade da auga.

A Entidade Subministradora está obrigada a subministrar auga ó abonado, garantindo a súa potabilidade, consonte ás disposicións vixentes, até a chave de rexistro existente en propiedade pública xunto a muro - fachada, que se considera, con carácter xeral, como inicio da instalación interior abonado.

3. Conservación das instalacións.

Atínxelle á Entidade Subministradora a conservación, mantemento e explotación das redes e instalacións de abastecemento de auga que lle sexan adscritas, así como ás acometidas de auga ata a chave de rexistro.

O abonado deberá dispoñer pola súa conta das instalacións de elevación necesarias na súa finca para o abastecemento naqueles casos en que sexa necesaria maior presión da subministrada.

4. Regularidade na prestación dos servizos.

A Entidade Subministradora estará obrigada a manter a regularidade no subministro de auga. En calquera caso, non lle serán imputábeis as interrupcións destes servizos nos supostos indicados neste Regulamento.

5. Visitas ás instalacións.

A Entidade Subministradora está obrigada a colaborar coas Autoridades e Centros de Educación para facilitar, en harmonía coas necesidades de explotación, que os abonados, persoas usuarias ou público en xeral, poida coñecer o funcionamento das mesmas.

6. Reclamacións.

Contestar as reclamacións do abonado que se lle formulen por escrito, no prazo regulamentario.

7. Tarifas.

A Entidade Subministradora estará obrigada a aplicar, ós distintos tipos de subministros que teña establecidos, os prezos e cadros de tarifas que, en cada momento, estean aprobadas polo Concello de Bóveda.

8. Incorporación das obras e instalacións hidráulicas.

Correspóndelle á entidade Subministradora informar ou, no seu caso, redactar os proxectos de obras de abastecemento de auga e construír o conxunto das instalacións precisas ata os inmobles ao obxecto de prestar o servizo.

9. Obras executadas polo Estado ou outras Administracións.

Atínxelle á Entidade Subministradora a conservación, mantemento e explotación das obras e instalacións destinadas ao abastecemento de auga que sexan executadas polo Estado, Comunidade Autónoma de Galicia, Concello de Bóveda ou outras Administracións, unha vez que se produza a súa entrega ao Municipio de Bóveda e a súa afectación ou adscrición ao Servizo.

10. Tratamento respectuoso e correcto para cos abonados e usuarios.**11. Publicación do Regulamento e información do servizo**

Correspóndelle ó concello de Bóveda ter publicado o texto actualizado do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga na Sede electrónica do concello.

Prestar ós solicitantes do servizo e abonados a información e aclaracións sobre todas as cuestións derivadas da prestación do Servizo.

CAPÍTULO III

ABONADOS

Artigo 10.- -USUARIO OU ABONADO DO SERVIZO.

É usuario ou abonado do servizo de subministración de auga calquera persoa física ou xurídica que contratase o abastecemento de auga co subministrador do servizo e reciba este, independentemente da súa condición de propietario, arrendador, usufrutuario ou calquera outro título que lle outorgue a ocupación do predio ou domicilio. Os usuarios terán, sen prexuízo daqueles outros dereitos ou obrigas que en relación con situacións específicas poidan derivarse para eles, os establecidos neste Regulamento e máis concretamente con carácter xeral os seguintes:

Artigo 11.- DEREITOS DO USUARIO OU ABONADO DO SERVIZO

- 1- A recibir a prestación do Servizo de conformidade coa normativa aplicable.
- 2- A que se lles forneza auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.
- 3- Á disposición permanente da subministración de auga potable, conforme as condicións que se establecen neste Regulamento e ás específicas que se recollan na póliza de subministración, agás avaría, causas de forza maior ou restricións derivadas da escaseza de recursos.
- 4- A que os servizos que reciba factúrense polos conceptos e tarifas vixentes en cada momento.
- 5- A que pola entidade subministradora tómeselle lectura do equipo de medida que controle a subministración, polo menos unha vez por período de facturación, sempre que as condicións de localización do contador permítano.
- 6- A que se lle formalice, por escrito, un contrato ou póliza de abono no que se estipulen as condicións básicas conforme as cales se lle vai a prestar o servizo.
- 7- Á libre elección de instalador autorizado que execute as instalacións interiores, así como o provedor do material, que deberá axustarse ás prescricións técnicas regulamentariamente esixibles.
- 8- A formular as reclamacións que crea pertinentes polo procedemento establecido neste Regulamento.
- 9- A solicitar da entidade subministradora as aclaracións e informacións sobre todas as cuestións derivadas da prestación do Servizo en relación á súa subministración, con atención á Lei de Protección de Datos.

Igualmente, terá dereito, se así o solicita, a que se lle informe da Normativa Vixente que lle é de aplicación.

- 10- A solicitar da entidade subministradora a información necesaria para axustar a súa contratación ás necesidades reais, de acordo co establecido no presente Regulamento, así como, sobre a instalación de dispositivos redutores de consumo e boas prácticas de consumo.

Artigo 12.- OBRIGAS DO USUARIO OU ABONADO DO SERVIZO.

- 1- Ter subscrita, ao seu nome, póliza de subministración que xustifique a utilización dun ben público escaso como é a auga.
- 2- Cumprir as condicións e obrigas contidas na devandita póliza de abono e as recollidas no presente Regulamento.
- 3- Satisfacer coa debida puntualidade o importe do servizo que se lle presta, de conformidade co estipulado na póliza e na Ordenanza Fiscal reguladora das tarifas.
- 4- Abonar as cantidades resultantes de liquidacións derivadas de erro, fraude ou avaría imputable ao abonado.
- 5- Sen prexuízo de canto para o efecto establezan as normas sectoriais e este Regulamento, todo abonado deberá utilizar de forma correcta as instalacións interiores do inmovible para cuxo abastecemento subscribise a póliza de abono, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas na forma máis adecuada e evitar en todo o posible o retorno á rede pública de calquera tipo de auga procedente da súa instalación interior.
- 6- Cando nun mesmo predio exista xunto á auga distribuída pola entidade subministradora, auga doutra procedencia, o abonado virá obrigado a establecer instalacións interiores independentes por onde circulen ou se almacenen por separado as augas, sen que sexa posible que se mesturen as augas dunha ou outra procedencia.
- 7- Todo abonado está obrigado a facilitar á Entidade subministradora a colocación dos elementos precisos na propiedade obxecto da subministración, así como a permitir a entrada no inmovible obxecto da subministración, en horas de normal relación co exterior, ao persoal acreditado co fin de que poida efectuar comprobacións e inspeccións nas instalacións, lecturas ou cambios de contador, e cantas actuacións sexan da súa competencia conforme o establecido neste Regulamento.
- 8- Usar a auga fornecida na forma e para os usos establecidos na póliza e de conformidade co diámetro do contador contratado.

9- Os abonados deberán absterse de establecer ou de permitir derivacións na súa instalación para subministración de auga a outros locais ou vivendas diferentes aos consignados na póliza de abono, non podendo fornecer a auga recibida da entidade subministradora a terceiros, sexa de balde ou mediante prezo. Dita prohibición de fornecer auga a terceiros non será aplicable nos supostos de que se fornecesen caudais para a extinción de incendios.

10- Igualmente deberá, en interese xeral e no seu propio, poñer en coñecemento da entidade subministradora calquera avaría ou perturbación producida ou que, ao seu xuízo, puidésese producir na rede xeral de distribución de auga.

11- Comunicar á entidade subministradora calquera modificación na instalación interior, en especial novos puntos ou elementos de consumo que resulten significativos polo seu volume.

12- Respetar os precintos colocados pola entidade subministradora ou polos Organismos competentes da Administración.

13- Non manipular os elementos da rede responsabilidade da entidade subministradora, facéndose responsable dos danos que con iso puidese causar á propia instalación, a se mesmo ou a terceiros.

14- Notificación de baixa. A abonado que desexe causar baixa no subministro estará obrigada a interesarlle por escrito á Entidade Subministradora dita baixa cunha antelación mínima de un mes, indicando, en todo caso, a data en que debe cesar o antedito subministro.

CAPÍTULO IV

USOS DA AUGA

Artigo 13.- USOS DA AUGA

A subministración de auga pode ter con carácter xeral destino doméstico, industrial, gandeiro, uso público, uso en obras, usos suntuarios, con carácter especial.

Artigo 14.- PRIORIDADES DOS USOS.

A subministración obedecerá á orde de prioridade descendente seguinte:

1- Uso público prioritario: consistente na alimentación de hidrantes para incendios, cámaras de descarga ou pozos de limpa da rede de sumidoiros, Servizos Públicos Municipais e das Administracións Provincial, Autonómica ou Estatal, asilos, residencias de anciáns, hospitais, centros de saúde, centros de día, e outros similares e, en xeral, usos inherentes ao bo funcionamento da infraestrutura urbana. Exceptúanse de forma expresa o baldeo viario e as fontes públicas de auga potable.

2- Uso doméstico: consistente na distribución de auga a inmobles dedicados a vivenda, onde a auga utilízase basicamente para atender as necesidades da vida cotiá en vivendas. Inclúense os garaxes anexos ás vivendas unifamiliares, sempre que non se dediquen a actividades industriais, comerciais, profesionais ou de servizos.

3- Uso industrial: consistente na distribución de auga a inmobles dedicados primordialmente a actividades económicas pertencentes aos códigos CNAE C, F, e I, Inclúense neste apartado os garaxes non comprendidos no suposto anterior.

Son aqueles nos que a auga constitúe un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción ou nos que se emprega para o acondicionamento, limpeza ou hixiene nun establecemento profesional, comercial, industrial ou de servizos.

Aplicarase esta modalidade a tódolos locais ou establecementos nos que se desenvolva unha actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos, sexa ou non lucrativa, así como a centros de ensino, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda.

Terán a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises que realizara o Servizo Municipal ou os laboratorios autorizados para o efecto, se determinase unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrera o actuante.

4- Uso gandeiro, entendéndose por tales aqueles subministracións cuxo destino primordial sexan as subministracións a explotacións gandeiras, suxeitas ao control das súas actividades por parte dalgún organismo público.

Corresponde aos códigos CNAE A 014 Producción gandeira.

5- Uso público non prioritario: consistente no baldeo viario e as fontes públicas de auga potable, fontes ornamentais con recirculación interna, así como a rega de xardíns públicos non comprendidos no punto 1.

6- Uso para obras, entendéndose aquelas subministracións destinadas a efectuar calquera tipo de edificación ou obra, e sempre que a auga vaia destinada á execución das mesmas.

7- Usos suntuarios, entendéndose por tales aquelas subministracións destinadas á satisfacción de necesidades accesorias, tales como rega de xardíns privados, piscinas privadas, etc.

8- Uso especial. Será todo aquel non incluído nos parágrafos anteriores, como subministracións esporádicas ou provisionais ou camións cisternas, feirantes ou enganches para limpeza de fachadas.

En calquera caso, o Concello poderá variar a anterior orde de prelación ou admitir as singularidades que estime convenientes en razón do interese público.

Artigo 15.- SUSPENSIÓN TEMPORALIS.

1. A Entidade Subministradora poderá suspender temporalmente o servizo cando sexa imprescindible para proceder ao mantemento, reparación ou mellora das instalacións ao seu cargo. Se as interrupcións son planificadas, comunicarallo ao veciños con 72 horas de antelación.

2. Os anuncios e informacións ós abonados comunicando unha interrupción do Servizo por calquera causa, correrán por conta da Entidade Subministradora.

Artigo 16.- RESTRICIÓN NO SUBMINISTRO.

1. Cando circunstancias de seca, escaseza de caudais de auga ou dificultades de tratamento o aconsellen, o Concello poderá impoñer restricións no subministro do servizo ó abonado.

2. Nestes casos, a Entidade Subministradora estará obrigada a informar o abonado, o máis claramente posíbel, das medidas que se van implantar, a través de medios de comunicación, e no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica do concello.

CAPÍTULO V.

PLANIFICACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS

Artigo 17-INFORMACIÓN DE PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO

1.- Entenderase como nova urbanización, a efectos de execución de rede de abastecemento de auga, toda obra de infraestrutura sanitaria, electrificación, telefonía, pavimentación, beirarrúas, gas, etc. realizada por promotores ou entidades públicas ou privadas distintas da entidade subministradora, sempre que non se trate dunha mera modificación ou renovación da rede existente en canto a que devanditos traballos son competencia exclusiva da entidade subministradora.

2. Nas zonas de nova urbanización o promotor deberá redactar un proxecto no que se definan as características das novas infraestruturas a executar, que se deseñarán conforme ao presente regulamento e o seu anexo técnico así como unha avaliación dos recursos hídricos necesarios para a subministración estimada a plena ocupación, e presentalo no Concello, quen informará sobre as condicións do sistema de subministración de auga.

3. O informe do Concello sobre as características técnicas das infraestruturas será vinculante, tanto no relativo a diámetros, presións de funcionamento de conducións, potencia dos equipos electromecánicos, necesidades de regulación mediante novos depósitos a executar polo promotor, trazado ata os puntos de conexión á rede existente, etc. Igualmente, e con carácter previo á recepción provisional das novas infraestruturas, o Concello a través de empresa de control homologada para ese efecto efectuará as probas de funcionamento, independentes das probas de presión e estanqueidad obrigatorias, instalará en cada entroncamento coas redes municipais o oportuno contador ou contadores de control a cargo do promotor, e realizará as verificacións técnicas pertinentes, emitindo o correspondente informe.

4. A concesión de subministracións de carácter industrial e de ornato ou recreo estará supeditada ás posibilidades de dotación de auga con que en cada momento conte o Concello.

5.- As redes privadas veciñais existentes, que queiran entregar as infraestruturas de abastecemento de auga ao Concello, previa á súa recepción, deberán adaptarse e cumprir as especificacións fixadas neste Regulamento e no seu anexo en materia de abastecemento de auga potable.

6.- Os custos derivados das probas de funcionamento e da supervisión técnica das obras serán sufragados polos promotores das obras.

7.- O importe correspondente ás probas de funcionamento, así como os derivados da supervisión técnica das obras, e subministración e instalación dos contadores de control deberá ser satisfeito polas comunidades propietarias previamente á recepción das obras polo Concello, con carácter obrigatorio.

Artigo 18.- EXECUCIÓN DAS NOVAS INFRAESTRUTURAS E CONEXIÓN COA REDE XERAL

A execución das infraestruturas aprobadas conforme o procedemento do artigo anterior será efectuada polos promotores baixo a supervisión dos servizos técnicos do concello, e velará por unha correcta execución das mesmas.

En todo caso, e complementariamente ó anterior, é competencia da entidade subministradora o executar a conexión das novas infraestruturas coas instalacións do servizo xa existentes, as cales serán executadas con cargo ós promotores e de conformidade coa planificación devandita.

Artigo 19-CONSTRUCCIÓN DE NOVOS EDIFICIOS.

Para poder iniciar a construción dunha nova edificación, na que se prevea a necesidade de subministración de auga, será necesaria, previo informe favorable do Técnico superior do servizo municipal de urbanismo, a aprobación pola Alcaldía das características que deba cumprir a futura acometida e instalación de auga, ou ampliación da rede no seu caso.

Para ese efecto, o promotor deberá presentar co correspondente proxecto de obras os datos técnicos necesarios das devanditas instalacións, especialmente o número de vivendas e locais comerciais que van compoñer o edificio ou urbanización e que se fornecerán da rede xeral interior do edificio, as características básicas e emprazamentos das baterías de contadores (se as houber), achegar o esquema da rede xeral de distribución interior, usos previsibles da auga e, en xeral, cuantos datos sexan precisos para un correcto dimensionamento da acometida e para o coñecemento das demandas previsibles de auga.

Neste caso a solicitude de acometida realizarase de forma independente á subministración para o edificio ou urbanización e poderá compaxinarse coa petición de subministración para obras.

Artigo 20- SUBMINISTRO PROVISIONAL DE AUGA PARA OBRAS. E SUBMINISTROS ESPECIAIS

1-As subministracións de auga con destino a obras serán obxecto dun contrato especial cuxa duración se determinará en función da Licenza Municipal de Obra, e efectuarase nas condicións seguintes:

- a) Mediante contador colocado para o efecto, en lugar apropiado debidamente protexido, así apreciado a xuízo da Entidade Subministradora.
- b) A persoa usuaria satisfará a auga subministrada de conformidade coa correspondente tarifa establecida.

Nos supostos de prórrogas das devanditas licenzas, e sempre que tal circunstancia fose debidamente acreditada, a póliza prorrogarase nos mesmos termos.

Ao finalizar as obras, e no prazo de quince días, a contar desde o outorgamento da licenza de primeira ocupación da edificación, o titular da licenza municipal solicitará a cancelación ante a entidade subministradora e unha vez clausurada esta acometida, a subministración rexerese polas condicións xerais establecidas, ou polas que se poidan establecer atendendo ao carácter e finalidade do mesmo.

Para ese efecto, na solicitude de acometida de obra abonarase a posterior cancelación de acometida.

Finalizada a obra e transcorrido o prazo de quince días, a contar desde o outorgamento da licenza de primeira ocupación da edificación, caducada a licenza, ou paralizada a obra por resolución administrativa ou xudicial, a póliza quedará automaticamente rescindida, procedéndose pola entidade subministradora á baixa inmediata da subministración e ó desarmado do contador.

En ningún caso poderán abastecerse vivendas, locais e/ou instalacións industriais, ou de calquera outro tipo, mediante subministración concertada para obras, sequera sexa con carácter provisional.

2-Serán igualmente obxecto de contrato especial as subministracións destinadas a usos suntuarios (piscinas, xardíns privados etc.). Nos referidos contratos farase constar expresamente o carácter marxinal das subministracións, así como a facultade da entidade subministradora de suspender o abastecemento en calquera momento por motivos de interese público.

3-Serán tamén obxecto de contrato específico as subministracións para usos antiincendios. Nos contratos que se subscriban ós devanditos fins farase constar o destino específico dos caudais, a reserva exclusiva do manexo de instalacións aos servizos de extinción de incendios e a prohibición absoluta do consumo de caudais con fins distintos aos especificamente contratados.

4-Tamén poderán ser obxecto de acordo especial as subministracións temporais dedicadas a feiras, actos públicos ocasionais, festexos, romarías, etc... que precisen durante a súa realización de subministración temporal de auga potable.

5- Considerarase “defraudar” a utilización deste subministro para usos distintos ao dos contratados, podendo a Entidade Subministradora, con independencia da sanción que corresponda, proceder ao corte do subministro e anulación do contrato.

Artigo 21.- AMPLIACIÓNS DA REDE XERAL

A auga obxecto de subministración, en canto sexa posible, tomarase da tubaxe máis próxima ao inmovible que se deba abastecer. Se non fose posible pola lonxitude existente, habería que realizar unha prolongación da rede xeral ata o inmovible en cuestión a cargo do petionario e executado pola entidade subministradora.

No caso de que as conducións xerais existentes fosen insuficientes para garantir os caudais e/ou presións requiridas polas novas subministracións, o solicitante de acometida virá obrigado a custear os traballos de ampliación de redes xerais que fose preciso executar aos fins de garantir o abastecemento nas debidas condicións.

Devanditos traballos de ampliación de rede serán deseñados conforme ao anexo técnico do presente regulamento e serán executados pola entidade subministradora, sendo o seu importe de conta do solicitante da

acometida. Nestes casos a entidade subministradora redactará o oportuno Proxecto de ampliación de infraestruturas xerais, independente do orzamento dos traballos de execución da acometida, e someterao á aprobación do solicitante quen, en caso de conformidade, deberá facer efectivo o importe das obras con antelación ao comezo da execución das mesmas.

Caso de que non se obtivese a conformidade do solicitante a entidade subministradora non virá obrigada a facilitar a subministración até tanto non se tiver executado as obras de ampliación.

A entidade subministradora poderá esixir durante o desenvolvemento das obras, como na súa recepción ou posta en servizo, cantas probas e ensaios estime convenientes para garantir a idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade dos materiais previstos no proxecto, correndo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietarios da urbanización.

As obras de ampliación de redes, unha vez finalizadas, integraranse automaticamente nas infraestruturas xerais do Servizo, ampliando así a área de cobertura definida no presente Regulamento

Artigo 22.- ACTUACIÓNS FORA DO AREA DE COBERTURA.

A concesión de novas subministracións en puntos que, estando comprendidos dentro do ámbito de competencia do Concello, atópanse fora da área de cobertura do servizo, ou que estándoo requiran unha ampliación ou modificación das instalacións xa existentes, estará sempre supeditada ás posibilidades de abastecemento.

A concesión de acometida ou subministro nas zonas fora da áreas cobertura da rede de abastecemento, non serán obrigatorias.

No entanto, poderanse autorizar acometidas polo concello sempre que se cumpran previamente as seguintes condicións:

1º.- A toma non distará máis de 25 metros da orixe da rede municipal e estea amparada pola normativa vixente. Soamente en supostos excepcionais, que se deberán xustificar, se admitirá superar dita distancia.

2º) As obras e instalacións que fose necesario realizar para facilitar a subministración, así como as modificacións que, con autorización da entidade subministradora introdúzanse durante o desenvolvemento das mesmas, executaranse na súa totalidade pola entidade subministradora, por conta e cargo do solicitante.

3º) As obras e instalacións descritas no apartado anterior, deberán ser cedidas ao Concello de Bóveda, se este así o desexase. Neste caso, estas instalacións pasarían a ter a consideración de bens de dominio público municipal, na súa modalidade de bens de servizo público.

No caso de que o Concello non desexase a cesión das instalacións en cuestión, o equipo de medida ou contador, será instalado ao comezo do tramo de acometida, xunto á arqueta de toma, constituíndo este o elemento diferenciador entre a entidade subministradora e o abonado.

4º) Constitución da servidume a favor do Concello de Bóveda que, no seu caso, puidese ser necesario establecer para as instalacións, conservación e mantemento da acometida en cuestión.

CAPÍTULO VI

INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Artigo 23.- ACOMETIDA.

1. Comprende o conxunto da tubaxe e outros elementos que enlaza a instalación interior do inmovible que se pretende abastecer e a chave de paso correspondente coa rede de distribución.

2. A acometida responderá ao esquema básico definido pola Entidade Subministradora axustándose ó que determina o ANEXO I deste Regulamento, e constará dos seguintes elementos:

a) Dispositivo de toma:

2. No caso de Entidades Xurídicas, quen se subrogue ou substitúa en dereitos e obrigas poderá facelo propio na póliza de aboamento, condicionado á presentación perante a Entidade Subministradora de todas as autorizacións administrativas necesarias.

No caso de extinción de persoas xurídicas, entenderase que existe subrogación nos casos de fusión ou escisión de sociedades, entendéndose subrogada na relación contractual a sociedade resultante da fusión ou escisión, sempre que se atribúa á mesma a posesión do inmovible abastecido. A subrogación de persoas xurídicas en caso de extinción adecuarase por analogía ao establecido no artigo precedente.

3. O prazo para subrogarse será de tres meses a partir da data do feito causante.

ARTIGO 59. CAMBIOS DE TITULARIDADE E BAIXA NO SERVIZO.

1. Os cambios de titularidade da prestación do servizo de abastecemento de auga respecto dun determinado inmovible suxéitanse ao mecanismo de comunicación previa. Para a súa efectividade, bastará:

a) En caso de transmisión inter vivos, coa presentación ante o Concello de Bóveda dunha instancia asinada polo anterior e polo novo titular do inmovible, no que veñan a comunicar a súa decisión de cambiar a titularidade do servizo, e achegando copia do documento nacional de ambos e do título de transmisión.

b) De tratarse dunha transmisión mortis causa, coa presentación do novo titular dunha instancia comunicando esta circunstancia, e acompañando copia do certificado de acto de últimas vontades e testamento, así como escritura de aceptación da herdanza. No caso de non existir testamento, copia do certificado de acto de últimas vontades que así o acredite e acta de declaración de herdeiros”.

2. A baixa no servizo está suxeita ao mecanismo da comunicación previa. Resultará efectiva tras a presentación por parte do seu titular, dun escrito expresando a súa pretensión, acompañada de copia do seu Documento Nacional de Identidade.

No caso de que a titularidade do inmovible teña sido producida por título de herdanza, a documentación fixada no apartado 1.b) anterior”.

Artigo 60.- SUSPENSIÓN DO SUBMINISTRO.

1. A Entidade Subministradora poderá suspender o subministro ós abonados ou usuarios, sen prexuízo do exercicio das accións, de orde civil ou administrativo que a lexislación vixente lle ampare, nos casos seguintes:

a) De non satisfacer, en período voluntario, aos sesenta días da posta ao cobramento dos recibos ou liquidacións, o importe dos servizos consonte á Resolución de concesión do servizo, ou, no seu caso, do estipulado no Contrato de Subministro ou Póliza de Aboamento.

Poderase proceder ao corte do subministro sen prexuízo de que as liquidacións ou facturas que continuasen sen ser aboados pasen ao procedemento de constrinximento.

b) Cando o abonado non cumpra, en calquera dos seus aspectos, o contrato que teña establecido coa Entidade Subministradora ou as condicións xerais de utilización do servizo.

c) Fraude. Por falta de pagamento, transcorridos quince días hábiles contados a partir da data de comunicación, das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia de fraude.

d) En todos os casos en que o abonado faga uso da auga que se lle subministre en forma ou para usos distintos dos contratados, como subministrar auga a terceiros.

e) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministro de auga potábel a outros predios, locais ou vivendas diferentes aos consignados no seu contrato de subministro.

f) Cando unha persoa usuaria goce do subministro sen contrato escrito ó seu nome que o ampare como Abonado do Servizo e se negue á súa subscripción a requirimento da Entidade Subministradora.

g) Cando polo persoal da Entidade Subministradora se atopen derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato ningún, é dicir, realizadas clandestinamente.

Neste caso a Entidade Subministradora poderá efectuar o corte inmediato do subministro de auga en tales derivacións.

h) Cando o abonado non permita a entrada no local ao que lle afecta o subministro contratado, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ao persoal que, autorizado pola Entidade Subministradora e provisto da súa correspondente documentación de identidade, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que por parte de dita Entidade Subministradora se redacte acta dos feitos, que lle deberá remitir ao Organo Municipal Competente, xuntamente coa solicitude de suspensión de subministro.

i) Cando nos subministros nos que o uso da auga ou disposición das instalacións interiores, lle puidese afectar á potabilidade da auga na rede de distribución, até que, polo abonado, se tomen as medidas oportunas en evitación de tales situacións; en tal caso o Servizo Municipal poderá realizar o corte inmediato do subministro, dándolle conta diso por escrito ao Organo Municipal competente.

j) Pola negativa do abonado a modificar o rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior, cando iso fose preciso para substituír o contador por calquera das causas que autoriza este Regulamento.

k) Cando o abonado mesture augas doutra procedencia e requirido pola Entidade Subministradora para que anule esta anomalía, non a leve a efecto no prazo máximo de cinco días.

l) Por negligencia da persoa abonado respecto da reparación de avarías nas súas instalacións se, unha vez notificada por escrito da Entidade Subministradora, transcorre un prazo superior a sete días sen que a avaría fose reparada.

Artigo 61.- PROCEDEMENTO DE SUSPENSIÓN.

1 Con excepción dos casos de corte inmediato previstos neste Regulamento, a Entidade Subministradora deberá seguir os trámites legais previstos para o efecto e darlle conta á persoa abonado por correo certificado, ou calquera outro medio que garanta a recepción do aviso por parte deste, tanto ao seu domicilio como ao do abono, se constase como diferente, para que, previa a comprobación dos feitos o órgano competente dite a resolución procedente.

No caso de que formulase o consumidor regulamentariamente algunha reclamación ou recurso, a entidade subministradora non lle poderá privar de subministración en tanto non recaia resolución sobre a reclamación formulada.

Se o interesado interpuxese recurso contra a resolución do organismo competente da Administración pública, poderá privárselle de subministración no caso de que non deposite a cantidade debida confirmada pola resolución recorrida.

2. A suspensión do subministro de auga, agás nos supostos de corte inmediato, non poderá realizarse en días festivos ou días en que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ao público, para os efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vésperas de días en que se dean algunhas destas circunstancias.

3. O restablecemento do servizo realizarase o mesmo día ou na súa falta, ao seguinte día hábil en que fosen emendadas as causas que orixinaron o corte de subministración.

A notificación de corte de subministración incluírá, como mínimo, os seguintes puntos: Nome e dirección do abonado.

- Nome e dirección do abono.
- Data e hora aproximada en que se producirá o corte de subministración.
- Detalle da razón que orixina o corte da subministración.
- Nome, dirección, teléfono e horario das oficinas da entidade subministradora en que poden emendarse as causas que orixinan o corte.

A Entidade Subministradora poderá cobrar do abonado, por estas operacións, unha cantidade equivalente ao importe da cota de contratación vixente, no momento do restablecemento, para un calibre igual ao instalado, mailos gastos xerados polo corte do subministro.

4. No caso de corte por falta de pagamento, se no prazo de tres meses, contados desde a data de corte, non se teñan pagado os recibos pendentes pola persoa abonado, darase por rematado o contrato sen prexuízo dos dereitos da Entidade Subministradora á esixencia do pagamento da débeda e ao resarcimento dos danos e perdas a que houbese lugar.

Artigo 62.- EXTINCIÓN DO CONTRATO OU DO SUBMINISTRO.

1. O contrato de subministro de auga quedará sen efecto, sen prexuízo da devandita execución ou non das accións de suspensión de subministro, especificadas neste Regulamento, por calquera das causas seguintes:

- a) A pedimento da persoa abonado.
- b) Por resolución da Entidade Subministradora, nos seguintes casos:
 - b.1) Por persistencia durante máis de tres meses en calquera das causas de suspensión de subministro regulamentadas no artigo 60 deste Regulamento.
 - b.2) Por incumprimento dos termos ou condicións do contrato.
 - b.3) Por utilización do subministro sen ser a persoa titular contractual do mesmo.

2. A continuación do subministro despois de terse extinguido o contrato por calquera das causas sinaladas anteriormente, só se poderá efectuar mediante nova solicitude, subscripción de novo contrato e pagamento dos dereitos correspondentes.

CAPÍTULO X -

LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓNS

Art. 63.- LECTURA DE CONTADORES.

1. A lectura de contadores que servirá de base para regular a facturación dos caudais consumidos polo abonado, realizarase periodicamente polas persoas empregadas do Servizo designados para iso. As indicacións que marque o contador, anotaraas o lector nas follas ou soportes informáticos que servirán de base para a facturación correspondente así coma en a libreta ou tarxeta da persoa abonado que poderá existir para tal fin, xunto ao contador, sempre que así o solicite a persoa abonado.

2. A toma de lectura realizarase en horas hábiles ou de normal relación co exterior, polo persoal autorizado expresamente pola Entidade Subministradora, provisto da súa correspondente documentación de identidade. En ningún caso, a persoa abonado, poderá impoñer a obriga de tomar lectura fóra do horario que teña establecido a Entidade Subministradora para tal efecto.

3. Cando por ausencia da persoa abonado non fose posíbel a toma de lectura, o lector encargado da mesma deixará constancia da súa visita, depositando na caixa do correo ou similar unha tarxeta na que, ademais de deixar constancia da súa presenza no domicilio da persoa abonado, permitiralle a este anotar na mesma a lectura do seu contador efectuada por el mesmo, e facela chegar ás oficinas do Servizo, no prazo máximo indicado nela, para os efectos da facturación do consumo rexistrado.

Artigo. 64.- DETERMINACIÓN DOS CONSUMOS FACTURÁBEIS.

1. Como norma xeral, a determinación dos consumos de cada abonado que servirán de base para a facturación, concretaranse pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

2. Consumo Avaliado: Cando non sexa posíbel coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase:

- a) Conforme ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior-
- b) De non existir, liquidaranse as facturacións conforme a media aritmética dos tres meses anteriores
- c. En caso de non dispoñer de históricos de consumo para poder obter a media ao que se alude no parágrafo anterior, os consumos determinarase en base á media que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos anteriores.

d. Se tampouco isto fose posible, realizarase unha estimación do consumo equivalente á capacidade do contador instalado, cun tempo de tres horas diarias de utilización ininterrompidas e durante o prazo que se de a imposibilidade de lectura, non sendo superior a un ano.

e. Se a imposibilidade de tomar a lectura persiste e é debida ao abonado, procederase a aumentar progresivamente devandito volume un 50% nos seguintes períodos de facturación.

As facturacións realizadas polo procedemento de consumo avaliable teñen a consideración de firmes, é dicir, non a conta.

Calquera que sexa o método que sexa necesario utilizar, o cálculo do consumo dos abonados realizarase conforme ao período de facturación que sinala a Ordenanza Fiscal do servizo..

Con todo, por necesidades do servizo, este período poderá ser modificado polo Concello seguindo para iso os trámites a que haxa lugar.

Artigo 65.- OBTENTO E PERIODICIDADE DA FACTURACIÓN.

1. As cantidades a facturar pola Entidade Subministradora polos conceptos que procedan en función da modalidade do subministro e dos consumos facturables, pola prestación do servizo, calcularanse aplicando as tarifas vixentes en cada momento.

Virán obrigados ao pago do importe total do recibo os titulares da póliza de abono.

2. Os consumos facturarase por períodos de subministro vencidos, conforme se determina na Ordenanza Fiscal do Servizo.

O primeiro período calcularase desde a data de posta en servizo da instalación.

Artigo. 66.- RECIBOS.

1. Os recibos dos importes do servizo prestado confeccionarase periodicamente conforme ó determinado na Ordenanza Fiscal, incluíndose nos mesmos, os impostos e outras taxas, que poidan corresponder. Confeccionarase un recibo por cada abonado.

2. A Entidade Subministradora especificará, nos seus recibos ou facturas, a desagregación do sistema tarifario aplicábel, fixando claramente todos e cada un dos conceptos de facturación. Nas facturas ou recibos emitidos deberán constar, ademais, os datos identificativos de abonado e domicilio do subministro, lecturas de contador, importe dos servizos e tributos que se repercutan, domicilio e prazo de pagamento, e datos da Entidade Subministradora a onde dirixirse para solicitar información ou efectuar reclamacións, e outros que a xuízo da Entidade fosen convenientes para a súa mellor comprensión pola persoa abonado.

3. Os impostos, taxas, arbitaxes, dereitos, tributos ou gastos de calquera clase, establecidos ou que poidan establecerse polo Estado, Provincia, Municipio ou calquera Administración Pública, que graven de algunha maneira, ben o subministro en si mesmo, ben a documentación que sexa necesaria para formalizar un contrato de subministro, así coma calquera outra circunstancia relacionada con estes, serán por conta da persoa abonado.

Art. 67.- FORMA DE PAGAMENTO DOS RECIBOS.

1. O pago dos recibos que emita a entidade subministradora con ocasión das subministracións efectuadas deberá facerse efectivo nalgunha das seguintes formas:

a)-Mediante domiciliación bancaria de recibos.

b)-Mediante ingreso en entidade financeira do importe.

2. . En casos excepcionais, a persoa abonado poderá facer efectivo o importe do recibo mediante xiro postal, ingreso directo en banco ou outro medio similar, en zonas onde existan dificultades para utilizar os anteditos sistemas, sempre coa conformidade previa e expresa da Entidade Subministradora

Art. 68.- CORRECCIÓN DE ERROS NA FACTURACIÓN.

1. Nos casos de que por erro a entidade subministradora houberse facturado cantidades inferiores ás debidas, graduarase o pago da diferenza nun prazo que agás acordo en contrario, será de igual duración que o período a que se estenden as facturacións erróneas, cun tope máximo dun ano.

2. No caso de que a entidade subministradora detecte que se ten facturado cantidades superiores ás debidas, emitirá informe xustificativo respecto diso, e procederá a devolución do erronamente cobrado no prazo máximo de sete día hábiles.

Artigo 69.- VIA DE CONSTRINXIMENTO.

Os recibos impagados, unha vez transcorrido o prazo de pagamento voluntario, serán obxecto de Vía de Constrinximento, tal como dispón a lexislación tributaria que resulte de aplicación.

A Tesourería municipal será o órgano competente para constrinxir as liquidacións e recibos non satisfeitos en período voluntario

Art. 70.- RECLAMACIÓN.

1. O Abonado poderá obter da Entidade Subministradora calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobramentos e tarifas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada co subministro que se xerese nun período de un ano anterior á data de presentación do pedimento correspondente.

2. O abonado que desexe formular unha reclamación sobre a facturación poderao facer:

a) Na Sede electrónica do concello por medio dun escrito dirixido ao Sr. Alcalde-Presidente achegando copia dos recibos obxecto da reclamación e de calquera outra documentación que para o caso corresponda.

b) Acudindo ás oficinas municipais, acompañando os recibos que se presume conteñan erro e calquera outra documentación que para o caso corresponda.

A presentación de reclamacións non exime do pago do recibo en litixio. Con todo, en caso de resolución favorable o abonado seralle devolto inmediatamente o importe correspondente.

3. A Entidade subministradora deberá levar un Libro Electrónico de Rexistro de Reclamacións no que se recollerán as queixas dos usuarios

4. As reclamacións que se formulen por danos e perdas que se causen pola Entidade Subministradora rexeranse pola lexislación aplicábel, tendo en conta a natureza das mesmas e o seu carácter contractual ou extracontractual.

Art. 71.- CONSUMOS PÚBLICOS.

Os consumos para usos públicos (edificios, xardíns, fontes, baldeos de rúas, etc.) dependentes do Concello, serán medidos por contador, ou no seu caso, aforados coa maior exactitude posíbel.

CAPÍTULO XI.-**FRAUDES E LIQUIDACIÓN DA FRAUDE****Artigo 72.- INSPECCIÓN DA UTILIZACIÓN DO SERVIZO.**

1. A Entidade Subministradora está autorizada a inspeccionar as condicións e forma en que o abonado utiliza o servizo de abastecemento de auga.

2. A actuación do persoal inspector acreditado pola Entidade reflectirase nun documento que adoptará unha forma de acta, e na que quedarán reflectidos o nome e domicilio da persoa abonada inspeccionada, día e hora da mesma, e os feitos contrastados. Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregáraselle á persoa abonada.

3. As persoas inspectoras deberán convidar ao abonado, persoal dependente do mesmo, ou calquera outra persoa a que presencie a inspección e asine a acta, podendo o abonado facer constar, coa súa sinatura, as manifestacións que estime oportunas.

A negativa a facelo non lle afectará á tramitación e conclusións que se establezan posteriormente.

O abonado poderá dirixirse, posteriormente, á Entidade Subministradora, aínda que dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas.

4. Cando polo persoal do Servizo Municipal de Augas se atopen derivacións nas súas redes con utilización sen convenio ningún, é dicir, realizadas clandestinamente, o persoal do Servizo Municipal poderá efectuar o corte inmediato do subministro en tales derivacións.

Art. 73.- ACTUACIÓN POR ANOMALÍA.

1. A Entidade Subministradora, á vista da acta redactada, requirirá á persoa propietaria da instalación, para que corrixa as deficiencias observadas na mesma, co apercibimento de que no levalo a efecto no prazo de dez días hábiles, aplicarase o procedemento de suspensión de corte.

2. Cando polo persoal da Entidade Subministradora se atopen derivacións nas súas redes con utilización de subministro sen convenio ningún de subministro, é dicir, realizadas clandestinamente, dito Servizo poderá efectuar o corte inmediato do subministro en tales derivacións.

3. Se ao ir realizar o persoal facultativo a comprobación dunha denuncia por fraude se lle negase a entrada no domicilio dun abonado ou usuario, a Entidade Subministradora quedará autorizada para suspender o subministro.

Art. 74.- DOS SUPOSTOS DE FRAUDE

1. Consideranse supostos de fraude, os seguintes casos:

a)-Utilizar a auga do servizo sen subscribir a póliza de abono.

b)-Executar acometidas sen cumprir previamente os requisitos deste Regulamento.

- c)-Falsear a declaración induciendo ao Servizo para facturar menos cantidade da que deba satisfacer pola Subministración.
- d)-Modificar ou ampliar os usos aos que se destina a auga especificados no contrato de subministración.
- e)-Levantar os contadores instalados sen autorización do Servizo, romper os precintos, interrompelos ou paralos e en xeral, toda acción que tenda a desfigurar a indicación destes aparellos e a prexudicar, por tanto, os intereses do Concello.
- f)-Establecer ramais, desviacións que poidan traer consigo o uso fraudulento da auga polo interesado ou por terceiros.
- g)-Introducir modificacións ou realizar ampliacións nas instalacións afectadas ao Servizo de Augas sen previa autorización deste.
- h)- Revender ou ceder gratuitamente a auga obtida por contrato de subministración co Servizo.
- i)-Utilizar e consumir a auga sen a instalación do preceptivo contador.

Artigo. 75.- LIQUIDACIÓN DA FRAUDE.

1. A Entidade Subministradora formulará a liquidación da fraude, considerando os seguintes casos:

- a) Que non existise contrato ningún para o subministro de auga.
- b) Que, por calquera procedemento, fose manipulado ou alterado o rexistro do contador ou equipo de medida.
- c) Que se realizasen derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.
- d) Que se utilice a auga potábel para usos distintos dos contratados, afectándolle á facturación dos consumos conforme a tarifa a aplicar.

2. A Entidade Subministradora, practicará a correspondente liquidación, conforme casos, da seguinte forma:

Caso 1.- Formularase unha liquidación por fraude, que incluírá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente lle correspondese ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de tres horas diarias de utilización ininterrompidas e durante o prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das anteditas instalacións, e o momento no que teña reparado a existencia da fraude detectada.

Caso 2.- De falseárense as indicacións do contador ou aparello de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a capacidade de medida do nominal, computándose o tempo a considerar en tres horas diarias desde a data da última verificación oficial do contador, descontándose os consumos que durante ese período de tempo teñan sido abonados polo autor da fraude.

Caso 3.- Se a fraude se efectuase derivando o caudal antes do aparello contador, liquidarase coma no caso primeiro, de non existir contrato de subministro, e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.

Caso 4.- Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor da Entidade Subministradora, aplicándolle ao consumo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período lle correspondese ao uso real que se lle está dando á auga, e as que, en dito período, se aplicaron baseándose no uso contratado.

3. En todos os casos, o importe da fraude deducida consonte aos preceptos establecidos nos devanditos parágrafos, estará suxeito aos impostos que lle fosen repercutibles.

4. As liquidacións que formule a Entidade Subministradora, seranlle notificadas ás persoas interesadas e, contra as mesmas, poderán formular reclamacións perante o Organismo en materia de consumo, no prazo de quince días a contar desde a notificación de dita liquidación, sen prexuízo das demais accións de que se consideren asistidos.

5. As reclamacións do abonados non paralizarán o pagamento das facturacións ou liquidacións obxecto das mesmas; non obstante, cando a reclamación se formule por disconformidade coa contía facturada polo servizo, o abonado terá dereito a que non se lle cobre o exceso sobre a facturación inmediatamente anterior. Unha vez resolta a reclamación, a Entidade Subministradora, en base á cantidade satisfeita polo abonado, realizará a correspondente liquidación.

6. Cando a fraude puidese revestir carácter de delito ou falta, sen prexuízo de aplicarlle a sanción administrativa que lle corresponda, darase conta do mesmo á xurisdición competente para que, no seu caso, lle esixa a responsabilidade criminal a que dese lugar.

CAPÍTULO XII.**DO RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.****Art. 76.- DEFINICIÓN E PRINCIPIOS.**

1. Constitúen infraccións administrativas as accións ou as omisións dos suxeitos responsables tipificadas e sancionadas nos artigos seguintes.
2. As infraccións e as sancións regulamentadas neste Capítulo enténdense sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra índole nas que poidan ter incorridos os seus autores.
3. Aplicarase o disposto na lexislación básica do Estado sobre o exercicio da potestade sancionadora no que non esté regulamentado no presente Capítulo.
4. O exercicio da potestade sancionadora estará suxeita ós principios de legalidade, irretroactividade, tipicidade, responsabilidade, proporcionalidade, prescrición, e os procedimentais que resulten de aplicación nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 77. POTESTADE SANCIONADORA.

Será órgano competente para incoar e resolver procedementos sancionadores, e para a adopción das medidas provisionais correspondentes, o Alcalde ou o órgano en quen éste delegue.

Artigo 78.- RESPONSABLES.

Serán responsables as persoas que realicen os feitos ou non cumpran os deberes que constitúan a infracción e no caso de establecementos industriais e comerciais, os titulares destes establecementos, xa sexan persoas físicas ou xurídicas.

Art. 79.- INFRACCIÓNS.

1. Considérase como infracción a este Regulamento:
 - a)-Impedir ao persoal do subministrador debidamente autorizado e identificado a entrada aos domicilios ou locais nas horas diúrnas para a inspección e investigación.
 - b)-Facer do servizo un uso abusivo ou utilizalo indebidamente.
 - c)-Conducir en parte ou na súa totalidade a auga a distinto lugar ao que está destinada.
 - d)-Fornecer auga a vivendas que carezan do servizo, aínda que non constituía revenda,
 - e)-Mesturar auga do servizo coas procedentes doutros aproveitamentos ou usos.
 - f)-Negarse a colocar o contador cando sexa requirido para iso.
 - g)-Abrir ou pechar as chaves de paso á rede de distribución por persoas alleas ao subministrador.
 - h)-Negarse os propietarios dos inmobles para realizar as correccións nas redes interiores que se sinalen polo subministrador.
 - i)-Non comunicar ao subministrador calquera modificación nas características do contrato.
 - j)-Obstaculizar ou coaccionar ao persoal do subministrador no cumprimento das súas funcións.
 - k)-Calquera outro incumprimento do disposto neste Regulamento.
2. As infraccións contempladas no presente Regulamento clasifícanse como leves, graves e moi graves.

Art. 80.- INFRACCIÓNS LEVES.

Constitúen infraccións leves:

- a) Todas as accións ou omisións que contraveñan o articulado do Regulamento e non teñan a consideración de graves ou moi graves.
- b) Accións ou omisións das que se deriven danos, fraudes ou perdas para a integridade das instalacións e o funcionamento do servizo de abastecemento municipal de auga, por valor inferior a tres mil euros (3.000 €).

Art. 81.- INFRACCIÓNS GRAVES.

Son infraccións graves, as seguintes:

- a) Impedir ao persoal do subministrador debidamente autorizado e identificado a entrada aos domicilios ou locais nas horas diúrnas para a inspección e investigación.
- b) -Fornecer auga a vivendas que carezan do servizo, aínda que non constituía revenda,
- c)-Mesturar auga do servizo coas procedentes doutros aproveitamentos ou usos.

- d)-Negarse a colocar o contador cando sexa requirido para iso.
- e)-Abrir ou pechar as chaves de paso á rede de distribución por persoas alleas ao subministrador.
- f)-Negarse os propietarios dos inmobles para realizar as correccións nas redes interiores que se sinalen polo subministrador.
- g)-Obstaculizar ou coaccionar ao persoal do subministrador no cumprimento das súas funcións.
- h)-A reiteración ou reincidencia en infraccións leves no prazo dun ano.
- i) Accións ou omisións das que se deriven danos, fraudes ou perdas para a integridade das instalacións e o funcionamento do servizo de abastecemento municipal de auga, por valor superior a tres mil euros (3.000 €) e inferior a quince mil (15.000 €).

Art. 82.- INFRACCIÓN MOI GRAVES.

Son infraccións moi graves:

- a) As definidas como leves ou graves nos artigos anteriores cando teñan posto en risco ou afecten á saúde das persoas, os recursos naturais ou o medio ambiente.
- b) A reiteración de cando menos dúas infraccións cualificadas como graves nun período dun ano.
- c) Accións ou omisións das que se deriven danos, fraudes ou perdas para a integridade das instalacións e o funcionamento do servizo de abastecemento municipal de auga, por valor superior a quince mil (15.000 €).

Artigo 83.- SANCIONES

1.- As defraudacións poderán ser sancionadas, ademais do pago da cantidade defraudada, con multa:

- a) Do 10% da devandita cantidade, se se tipifica como leve,
- b) Do 10% ó 15% da devandita cantidade se se tipifica como grave.
- c) Do 15% ó 25% da devandita cantidade se se tipifica como moi grave.

2.- As infraccións poderán ser sancionadas:

- a). As infraccións de carácter leve serán sancionadas con multas de ata 750 euros.
- b). As infraccións graves serán sancionadas con multas de ata 1.500 euros.
- c). As infraccións moi graves serán sancionadas con multas de ata 3.000 euros; sen prexuízo, cando cumpra, de cortar a subministración, cumprindo ou disposto na regulamentación vixente.

Artigo 84.- GRADACIÓN DAS SANCIONES.

Na determinación das sancións correspondentes, garantírase a adecuación debida entre a gravidade do feito constitutivo de infracción e a sanción aplicada.

Consideraranse especialmente os seguintes criterios:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración, así como o grado de participación nos feitos do infractor e o beneficio obtido da infracción administrativa por este motivo.
- b) A natureza dos prexuízos causados, atendendo á gravidade do dano derivado da infracción, á alteración causada e ao grado de afectación que dita infracción vaia ter na saúde e seguridade das persoas.
- c) A reincidencia, por comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, si foi declarada por firme resolución na vía administrativa.

Artigo 85.- CONCORRENCIA DE SANCIONES.

1. Se a comisión dunha das infraccións administrativas previstas neste Regulamento derivase necesariamente á comisión doutra ou outras, impoñerase unicamente a sanción máis elevada de todas as que sexan susceptibles de aplicación.

2. En ningún caso poden sancionarse feitos que estén previamente no ámbito penal ou administrativo naqueles supostos en que se aprecie a identidade do suxeito, dos feitos e dos fundamentos da sanción imposta. Existirá identidade de fundamento cando sexan os mesmos intereses públicos protexidos polos rexímenes sancionadores concorrentes.

3. Se durante a tramitación do procedemento sancionador apréciase a posible cualificación dos feitos como constitutivos dun delito ou falta de estafa, apropiación indebida ou fraude no abastecemento, conforme a regulación contida no Código Penal, procederáse, de acordo coa lexislación vixente, a pasar a parte de culpa ao Ministerio Fiscal, suspendendo o procedemento administrativo unha vez a autoridade xudicial haxa incoado o proceso penal que corresponda.

Artigo 86.- REPARACIÓN DO DANO.

A imposición das sancións é independente da obrigaón esixible en calquera momento aresponsable da infracción da reposición da situación alterada no seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados nas instalacións municipais, obras anexas, ou calquera outro ben do patrimonio municipal que resulte afectado. A reposición e reparación execútase pola Administración ou o prestador do servizo a cargo do responsable da infracción.

Artigo 87.- COMPATIBILIDADE DAS SANCIÓNS CON OUTRAS MEDIDAS.

Non terán carácter sancionador as suspensións do fornezo que autorice o Concello, nin os acordos de resolución unilaterais de pólizas de abonados adoptados de acordo co que dispón o presente Regulamento. A imposición de sancións será compatible coa adopción simultánea de calquera destas medidas.

CAPÍTULO XIII.**COMPETENCIA E RECURSOS****Artigo 88.-COMPETENCIA.**

Será de competencia do Alcalde o coñecemento e resolución das cuestións administrativas que poidan suscitarse con ocasión da aplicación do presente Regulamento, agás os recursos admitidos legalmente.

Artigo 89. - RECURSOS ADMINISTRATIVOS

Con carácter xeral, e agás supostos especiais establecidos no texto articulado deste Regulamento ou por disposición legal de rango superior, establécese que a facultade de resolver definitivamente en vía administrativa calquera controversia a que poida dar lugar a interpretación e aplicación do presente Regulamento corresponde á Alcaldía-Presidencia, deixando a agás, no seu caso, a competencia doutras Administracións Públicas.

Artigo 90. -RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO.

Contra actos e acordos que poñan definitivamente fin á vía administrativa poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que determine a lexislación vixente.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA. A partir da entrada en vigor do presente Regulamento e o seu anexo, todos os abonados do servizo estarán obrigados a cumprir todas as súas cláusulas e condicións, e todas os predios ou instalacións que teñan contratos de subministración de auga, estarán suxeitas ás recargas ou tarifas que se apliquen en relación coa subministración de auga.

SEGUNDA. Todo o establecido neste Regulamento enténdese sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas a outros órganos do Concello e ás demais entidades públicas que teñan competencia sobre a materia.

TERCEIRA.-O Concello poderá en todo momento modificar, de oficio, o presente Regulamento polos mesmos trámites que a normativa vixente fixa para a súa aprobación.

A Alcaldía, mediante Decreto, poderá proceder á modificación do contido dos ANEXOS co fin adaptalos aos avances tecnolóxicos, normativos, organizativos ou doutro tipo que, co transcurso do tempo, poidan producirse

CUARTA.-Á entrada en vigor do presente Regulamento quedarán derogadas cantas normativas municipais preexistentes existan sobre a materia no que se opoñan ao contido do presente Regulamento.

QUINTA.-O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I**NORMAS TÉCNICAS DE ABASTECIMENTO****1.- DEFINICIÓNS.****2.- REDES XERAIS E ELEMENTOS DESTAS**

2.1.- Definicións de todos os elementos.

2.2.- Características técnicas dos materiais.

2.3.- Características da instalación.

3.- ACOMETIDAS E INSTALACIÓNS INTERIORES DE SUBMINISTRO DE AUGA.

3.1.- Condicións particulares das conducións de consumo humano

3.2.- Materiais de acometida.

3.3.- Condicións técnicas dos contadores

3.4.- Baterías de contadores divisionarios.

3.5.- Acometidas para protección contraincendios.

3.6.- Grupos de presión e depósitos reguladores interiores.

1.- DEFINICIÓNS.

1.1.- CONDUCCIÓN XERAL.

Denominamos conducción xeral ao entubado que leva a auga desde a captación até o depósito regulador ou desde este á rede xeral de distribución.

1.2.- REDE XERAL DE DISTRIBUCIÓN.

Denomínase rede xeral de distribución ao conxunto de entubado e elementos singulares do mesmo instalados no interior dunha poboación ou núcleo rural conectados entre si.

1.3.- ARTERIA.

Chámase arteria ao entubado do interior dunha poboación que enlaza un sector da súa rede co conxunto, con certa independencia e sen que xeralmente existan tomas para usuarias/os sobre ella.

1.4.- CONDUCCIÓN DE PRIMEIRA, SEGUNDA E TERCEIRA ORDE.

Dámoslle o carácter de conducción, ao conxunto de entubado pertencente á rede xeral desde a que se poden establecer ou derivar as tomas para usuarias/os. En función do seu diámetro teremos:

-PRIMEIRA ORDE: diámetro de 200 mm ou superiores.

- SEGUNDA ORDE: diámetros iguais ou superiores a 100 mm e inferiores a 200 mm

-TERCEIRA ORDE: diámetros menores a 100 mm até 15mm.

- ACOMETIDA. É aquel conduto que partindo da rede xeral de distribución, conecta no límite do inmovible coa rede interior do mesmo a través da súa correspondente chave de paso.

2.- REDES XERAIS E ELEMENTOS DESTAS

2.1.- DEFINICIÓNS DE TÓDOLOS ELEMENTOS.

2.1.1.- ENTUBADO.

Entenderase por entubado ou tubaxe a sucesión de tubos convenientemente unidos, coa intercalación de todos aqueles elementos que permitan unha económica e fácil explotación do sistema, formando un conduto cerrado convenientemente illado do exterior que conserve as calidades esenciais da auga para o subministro público, impedindo a súa perda e contaminación.

2.1.2.- TUBO.

Dáselle o nome de tubo ao elemento recto de sección circular e oco, que constitúe a maior parte do entubado ou tubaxe.

2.1.3.- XUNTA.

Elemento que se utiliza para enlazar os tubos e pezas especiais.

2.1.4.- PEZAS ESPECIAIS.

Elementos que se utilizan para unir os distintos tubos en condicións particulares. As pezas especiais son:

- DERIVACIÓNS: É toda aquela peza que se utiliza para bifurcar unha tubaxe.

- REDUCIÓNS: É toda aquela peza que une dous tubos de distintos diámetros no sentido do eixe do entubado.

- CURVAS: É toda aquela peza que une dous tubos xeralmente do mesmo diámetro e utilízase para cambiar a dirección do entubado.

2.1.5.- VÁLVULAS

Elemento que intercalado nunha tubaxe se utiliza para modificar as condicións de subministro. Os distintos tipos de válvulas son as seguintes:

- DE CORTE: É aquela válvulas que poida interromper o subministro temporalmente.

- REDUTORA: É aquela válvulas que regulando o caudal en función da demanda, mantén unha presión determinada na rede.

- RETENCIÓN: É aquela válvulas que permite a circulación da auga nun so sentido.

2.1.6.- VENTOSA.

Elemento que instalado na rede permite a admisión ou expulsión do aire.

2.1.7.- DESAUGADOIROS.

Elemento da rede que situado nos seus puntos baixos, permite o baleirado dun sector da mesma.

2.1.8.- BOCA DE REGA.

Elemento que se instala na rede para a rega de parques e xardíns exclusivamente.

2.1.9.- HIDRANTES.

Elemento que se instala na rede para toma de auga de uso exclusivo contra incendios e limpeza de rúas

2.1.10.- CÁMARA DE DESCARGA.

Elemento da rede de saneamento que instalado en orixe de ramales de sumidoiros e conectados á rede de auga potable, permite a descarga dun certo volume de auga periodicamente.

2.1.11.- POZO E TAPA DE ABASTECIMIENTO

Cavidade utilizada para instalacións de diversos aparellos, válvulas, chaves, etc, necesarios para a correcta conducción e distribución de auga potable; cunha tapa na parte superior para poder rexistralas, efectuar mantemento e limpar o seu interior de impurezas

2.1.12.- ARQUETA E TAPA PARA REXISTRO DE ACOMETIDA

Pequena cavidade utilizada para albergar as chaves colocadas ó final da acometida para que poida pecharse o paso da auga cara á instalacións interiores; cunha tapa na parte superior para poder rexistralas e limpar o seu interior de impurezas .

2.2.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS**2.2.1.- ENTUBADO OU TUBAXE.**

- IDENTIFICACION: Cada tubo levar. impreso as seguintes características:

- * Marca do fabricante.
- * Ano de fabricación.
- * diámetro nominal.
- * presión nominal.
- * Norma baixo a que foi fabricada.

- MATERIAIS**1.- Requisitos:**

- a) para as tubaxes e accesorios deben empregarse materiais que non produzan concentracións de substancias nocivas que excedan os valores permitidos polo Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro.
- b) non deben modificar as características organolépticas nin a salubridade da auga fornecida.
- c) deben ser resistentes á corrosión interior.
- d) deben ser capaces de funcionar eficazmente nas condicións de servizo previstas;
- e) non deben presentar incompatibilidade electroquímica entre si.
- f) deben ser resistentes a temperaturas de ata 40° C, e ás temperaturas exteriores da súa contorna inmediata.
- g) deben ser compatibles coa auga fornecida e non deben favorecer a migración de substancias dos materiais en cantidades que sexan un risco para a salubridade e limpeza da auga de consumo humano.
- h) o seu envellecemento, fatiga, durabilidade e as restantes características mecánicas, físicas ou químicas, non deben diminuír a vida útil prevista da instalacións.

2.- Para cumprir as condicións anteriores poden utilizarse revestimentos, sistemas de protección ou sistemas de tratamento de auga.

3.- A instalacións de Subministración de auga debe ter características adecuadas para evitar o desenvolvemento de xermes patóxenos e non favorecer o desenvolvemento da biocapa (biofilm).

4.- Será de polietileno (PE) con unión soldada en quente e as reparacións efectuaranse mediante unión elástica tipo "gibault" en canalización de policloruro de vinilo (PVC) de uso alimentario para abastecemento Utilizarase PVC_SN4 para tubaxe de saneamento. So en casos excepcionais e debidamente xustificado se poderá autorizar polo Servizo Municipal de Augas a utilización doutro tipo de material. A aptitude dos materiais deberá estar corroborada coa obtención de certificados sanitarios europeos, como son o ACS (Attestation de Conformit. Sanitaire) ou o DWI (Drinking Water Inspectorate), emitidos polos correspondentes Ministerios de Sanidade en Francia, Reino Unido e España.

- DIAMETRO: Como norma xeral non se permitirá a instalación de tubos inferiores a 60 mm de diámetro interno.
- TIMBRAXE: Todas as tubaxes resistirán unha presión de traballo equivalente a 10 atmósferas. En circunstancias determinadas poderá esixirse maior timbraxe de acordo coas condicións de traballo á que poida estar sometida a instalacións.

2.2.2.- UNIÓNS.

- MATERIAL: No entubado de PVC para saneamento empregárase soamente a unión por xunta elástica tipo “gibault”.

En tubaxe de polietileno utilizaranse manguitos electrosoldables, ou tipo “gibault” cando sexa viable o seu uso.

Calquera outro sistema de unión entre entubado, necesitará a aprobación do Servizo Municipal de Augas.

As pezas como cóbados, téis, reducións, etc. tamén se unirán ao entubado mediante unión soldada en quente no caso de rede de nova instalacións, ou mediante xunta elástica. Tipo “gibault” en caso de reparacións ou novos entronques.

No caso do polietileno poderanse utilizar unicamente manguitos de empalme en latón estampado en quente sempre que as condicións da obra o permitan.

No caso de ter que unir tubos de distinto material utilizaranse unións de tipo UNIVERSAL, en fundición tipo “gibault” con recubrimento en nylon.

- DIAMETRO E TIMBRAXE: Estarase ao indicado no apartado de entubado.

2.2.3.- VÁLVULAS

- DE CORTE: Todas as válvulas serán obrigatoriamente de comporta, obedecendo ao modelo construído en fundición nodular do tipo de peche elástico con eixo de aceiro inoxidable, o seu accionamento realizarase mediante chave extraíbel maestreada polo servizo municipal de augas.

- REDUTORA: As especificacións técnicas serán dadas polo Servizo Municipal de Augas de acordo coas condicións de subministro de cada caso.

- RETENCIÓN: Igual ao antedito apartado.

2.2.4.- VENTOSA.

En cada caso determinarase polo Servizo Municipal de Augas o tipo de ventosa a instalar, podendo ser este: Billa ou ventosa automática de un ou dous corpos.

2.2.5.- BOCAS DE REGA

Será con base de brida, ou rosca, o corpo de ferro fundido e mecanismo de bronce. O pechamento será de asiento plano e elástico e o enchufe do tipo rápido de baioneta.

Ambas irán pintadas con dúas capas de pintura epoxi e serán resistentes ao paso de vehículos pesados.

a) A conexión á rede xeral realizarase sempre con colar de toma, non admitíndose a súa instalación en entubado de diámetro superior a 200 mm. En tal caso será necesario a instalación de ramais secundarios con destino ás bocas de rega, os cuales levarán na súa orixe a correspondente válvula de corte.

b) O ramal de conexión do colar de toma á boca de rega, será de polietileno (baixa densidade) de 1 1/2” de diámetro e timbrada a 10 atm de traballo ou superior. A conexión de dito ramal ao conxunto “boca de rega” realizarase mediante enlace de igual forma que na conexión á rede xeral.

c) Convén precisar que a arqueta da boca de rega pode estar ou non solidaria a esta. Non obstante, recoméndase que a arqueta e a boca de rega sexan independentes. Na orixe dunha rede de rega ou boca de rega será necesaria a instalación dun contador.

2.2.6.- DESAUGADOIROS.

As características técnicas definiranse de acordo coas correspondentes a cada un dos elementos que compoñen o desaugadoiro. Ditos elementos son:

* Derivación.

* Válvula de corte.

* Pozos de rexistro e vertedura.

Os diámetros mínimos serán de 60 mm para rede até 200 mm, e de 100 mm para diámetros superiores.

2.2.7.- HIDRANTE.

O hidrante quedará debidamente sinalizado consonte ás Normas UNE 23-402, 23-403, 23-405, 23-406, 23-407 e na tapa constar “Boca de Incendios”.

No caso de instalación de hidrantes tipo columna seca esta estará provista de tres saídas, cuxos diámetros en función da columna será o seguinte:

- Tipo 80 mm unha saída de 70 mm e dous de 45 mm
- Tipo 100 mm, unha saída de 100 mm e dous de 70 mm con bocas tipo Barcelona.

A instalación deste deberá ser autorizada polo Servizo Municipal de Augas

2.3.- CARACTERÍSTICA DA INSTALACIÓN.

2.3.1.-ENTUBADO OU TUBAXE.

- SINALIZACION

1 As tubaxes de auga de consumo humano sinalaranse coas cores verde escuro ou azul.

2 Se se dispón unha instalación para fornecer auga que non sexa apta para o consumo, as tubaxes, as billas e os demais puntos terminais desta instalación deben estar adecuadamente sinalados para que poidan ser identificados como tales de forma fácil e inequívoca.

- TRAZADO:

O trazado do entubado definirase polo persoal técnico do Servizo Municipal de Augas.

Para calquera variación que sobre o trazado inicial se determine, será necesaria a aprobación de dito persoal técnico. Preferentemente situarase en zona con beirarrúas ou non sometida aos efectos do tránsito rodado. Normalmente manterase a equidistancia do trazado con elementos visuais da vía pública (por exemplo, bordo, liña de fachada, etc.).

Na instalación da rede cuxo trazado sexa totalmente recto non se permitirá desviación por unha defectuosa apertura de gabia.

-GABIA:

Para entubado de 200 mm de diámetro ou inferior, a profundidade da instalación en toda a súa lonxitude será de 1 m. nas zonas sometidas ao tráfico e 0,60 m. no resto e de 1,10 m. e 0,90 m. respectivamente para entubado de diámetros superiores.

Estas distancias son medidas desde a xeneratriz superior do tubo . rasante do terreo, entendéndose esta unha vez rematada a pavimentación e non no estado natural do mesmo.

O entubado que se instale descansará sobre un leito de area cuxo espesor se determinará mediante a seguinte fórmula: $e = (10 + D \text{ (mm)}) / 10 \text{ cm}$.

Recubrírse o entubado até un mínimo de 20 cm con area.

O recheo da gabia realizarase evitando penetración de pedras, cachotes de ladrillos ou calquera outro obxecto que ao apoiar o entubado puidese ocasionar rotura.

Compactarase a fin de evitar calquera asentamento posterior que puidese danar o entubado.

- ANCORAXE:

